REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

Día: 03.10.2018 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
26 SET. 2018
Núm. 11429

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 3 de outubro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único: Preguntas

1.1 33399 (10/POC-005215)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre as previsións do Goberno galego referidas ao incremento do número de postos de traballo dos equipos de valoración e orientación da discapacidade en Galicia, así como a prórroga do convenio que permite a participación de licenciados sanitarios do Sergas nas valoracións da discapacidade, e os datos ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 338, do 19.07.2018

1.2 33824 (10/POC-005300)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
García Míguez, María Ángeles e 9 máis
Sobre as medidas que está levando a cabo a Xunta de Galicia contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual na nosa Comunidade Autónoma
Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG n.º 344, do 01.08.2018

1.3 34429 (10/POC-005465)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 7 máis
Sobre o balance da Xunta de Galicia respecto do desenvolvemento, ata o momento, da Estratexia galega de seguridade e saúde no traballo 2017-2020
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 350, do 03.09.2018

1.4 34814 (10/POC-005537)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula
Sobre o anuncio feito pola Xunta de Galicia de creación dun bono para axudar ao pago de praza en residencias privadas ás persoas maiores que se atopen agardando para acceder a unha praza pública

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL SAÍDA
26 SET. 2018
Núm. 11429

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 353, do 06.09.2018

1.5 35180 (10/POC-005548)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a opinión do Goberno galego referida á situación existente nos centros de saúde do concello de Soutomaior
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 353, do 06.09.2018

1.6 35422 (10/POC-005632)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a opinión do Goberno galego referida á incidencia que vai ter a contratación temporal de equipos de valoración para a determinación do grao de discapacidade no problema estrutural de falta de persoal existente na provincia de Pontevedra, así como as súas razóns para non dotar esa provincia de xeito permanente dos equipos precisos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 353, do 06.09.2018

1.7 35747 (10/POC-005689)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre as razóns do asinamento dun convenio entre o Sergas, a Cruz Vermella e a Fundación La Caixa para a atención psicosocial de persoas con enfermidade avanzada na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada da Coruña, a existencia de máis convenios deste tipo noutras EOXI e as previsións do Goberno galego respecto do incremento do número destes profesionais no Sistema público de saúde
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 355, do 13.09.2018

1.8 36799 (10/POC-005852)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións do Goberno galego en relación coa baixada na valoración da sanidade pública galega
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 359, do 20.09.2018

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
26 SET. 2018
Núm. 11429

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2018

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 26/09/2018 12:54:53

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P

Vicepresidente

Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Secretaria

María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 03.10.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 03.10.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.1 33399(10/POC-005215)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as previsións do Goberno galego referidas ao incremento do número de postos de traballo dos equipos de valoración e orientación da discapacidade en Galicia, así como a prórroga do convenio que permite a participación de licenciados sanitarios do Sergas nas valoracións da discapacidade, e os datos ao respecto

Publicación da iniciativa, 338, 19.07.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2018 13:54
Nº Rexistro: 33399
Data envio: 12/07/2018 13:54:18.761

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Ata o de agora os equipos de valoración e orientación (EVOS), que son os que determinan o grao de discapacidade das persoas que así o solicitan, dependentes das xefaturas territoriais da Consellería de Política Social, están distribuídos en sete seccións de cualificacións, con varios equipos de valoración en cada un deles: A Coruña dispón de 4; Ferrol, 2; Santiago, 2; Lugo, 2; Ourense, 3; Pontevedra, 3; e Vigo, 3.

A Xunta de Galicia vén desatendendo dende hai anos estes equipos, o que ocasiona retrasos nas tramitacións das valoracións, tanto nas solicitudes como nas revisións. En moitos casos, a falla de persoal que fai que o tempo de espera media das persoas usuarias sexa de ano e medio ou dous anos, ocasionando aos solicitantes moitos prexuízos no seu día a día: por exemplo para solicitudes a respecto de transportes colectivos e prazas de aparcadoiro, nas prestacións económicas de persoas maiores e no recoñecemento de dereitos en mutualidades.

Ante esta situación os socialistas levamos anos reclamando á Administración incrementar os equipos multidisciplinares dos EVO, xa que esta tardanza non vén derivada dun pico de traballo senón que é estrutural, o que implica que se debería incrementar o número de equipos e crear postos para axilizar a xestión dos expedientes de incapacidade.

No ano 2017 a Dirección de Recursos Humanos do Sergas enviou unha comunicación aos seus profesionais ofrecendo a posibilidade de "participar de forma voluntaria e remunerada, fóra da súa xornada laboral, nos recoñecementos do grao de discapacidade". O Goberno galego reaccionou pois as reiteradas queixas por un problema estrutural nos equipos de valoración de discapacidade, ofrecendo un parche a través dun convenio de colaboración Sergas - Consellería de Política

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2018 13:54
Nº Rexistro: 33399
Data envio: 12/07/2018 13:54:18.761

Social, con vixencia ata o 31 de decembro do 2018, para que o persoal médico do Sergas faga mediante horas extras faga a tarefa que lle corresponde a estes equipos.

A pesares desta medida posta en marcha pola Xunta de Galicia, e de que a *Orde do 25 de novembro de 2015 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes,* establece un prazo de tres meses para resolver as solicitudes de valoración de discapacidade, as listas de agarda no primeiro trimestre do ano 2018 seguiron sendo inaceptables, un problema que se estende en todas as provincias, pero que é de especial gravidade na de Pontevedra, onde a día de hoxe as solicitudes que se están a tramitar rexistráronse en xullo do ano 2015, con case tres anos de retraso a respecto do que marca a lexislación vixente, cunha lista de agarda de máis de 7.000 solicitudes nesta provincia, e que ascende a máis de 17.000 persoas en toda a comunidade autónoma.

O 11 de abril de 2018 o Pleno do Parlamento de Galicia aprobaba unha iniciativa do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, que despois de ser transaccionada con todos os grupos parlamentarios, tiña a seguinte parte resolutiva: «*O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incrementar o número de postos de traballo dos equipo de valoración da discapacidade da nosa Comunidade Autónoma, co obxectivo de eliminar a lista de espera antes de finais de novembro de 2018, tanto nas solicitudes como nas revisións das valoracións da discapacidade*».

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cando ten previsto a Xunta de Galicia incrementar o número de postos de traballo nos equipos de valoración de discapacidade da nosa comunidade autónoma?
2. Cal vai ser ese incremento de equipos en cada unha das sete seccións de cualificacións dependentes das xefaturas territoriais da Consellería de Política Social?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2018 13:54
Nº Rexistro: 33399
Data envio: 12/07/2018 13:54:18.761

3. Tendo en conta que os equipos de valoración de discapacidade son multidisciplinares, cales van ser os postos nos que se amplíen o persoal?
4. Ten previsto o Goberno galego prorrogar máis aló do 31 de decembro de 2018, o convenio de colaboración subscrito entre a Consellería de Política Social e o Sergas que permite a participación de licenciados sanitarios do Sergas nas valoracións de discapacidade?
5. En caso afirmativo, por que motivos o vai prorrogar?
6. Cal foi o número total de horas extraordinarias que realizou o persoal dos equipos de valoración de discapacidade durante o ano 2017?
7. Cantas persoas solicitaron de feito expreso a valoración social durante o ano 2017?

Pazo do Parlamento, 12 de xullo de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 12/07/2018 13:47:44

Julio Torrado Quintela na data 12/07/2018 13:47:50

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 03.10.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.2 33824(10/POC-005300)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Míguez, María Ángeles e 9 máis

Sobre as medidas que está levando a cabo a Xunta de Galicia contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual na nosa Comunidade Autónoma

Publicación iniciativa vía urxencia, 344, 01.08.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/07/2018 13:02
Nº Rexistro: 33824
Data envio: 27/07/2018 13:02:42.186

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Marián García Míguez, Paula Prado del Río, Encarnación Amigo Díaz, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e **Sandra Vázquez Domínguez**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego** polo trámite de **urxencia.**

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

O Plan Integral de loita contra a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual 2015-2018 do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade nace como compromiso asumido polo noso país para previr, sancionar e reprimir a trata de persoas, facendo fincapé nas mulleres e nenas (Protocolo de Palermo, 2000). O primeiro instrumento internacional que fai referencia dun xeito explícito á trata de seres humanos.

O Protocolo de Palermo pon de manifesto este grave atentado contra os Dereitos Humanos ca esixencia de incorporar na axenda política a loita contra a trata e a explotación sexual. É fundamental o traballo de prevención, reparación ás vítimas, asistencia e protección.

Todas administracións estatais, autonómicas e locais deben unir esforzos contra esta lacra da man das organizacións e entidades públicas e privadas que traballan na loita para promover e protexer ás persoas colocando ás posible afectadas no centro de tódalas actuacións.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que medidas está levando a cabo a Xunta de Galicia contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual na nosa Comunidade Autónoma?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/07/2018 13:02
Nº Rexistro: 33824
Data envio: 27/07/2018 13:02:42.186

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Ángeles Garcia Míguez na data 27/07/2018 12:50:32

Paula Prado Del Río na data 27/07/2018 12:50:40

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/07/2018 12:50:47

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 27/07/2018 12:50:52

Marta Rodriguez Arias na data 27/07/2018 12:50:58

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 27/07/2018 12:51:06

María Soraya Salorio Porral na data 27/07/2018 12:51:13

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/07/2018 12:51:18

Raquel Arias Rodríguez na data 27/07/2018 12:51:25

Sandra Vázquez Dominguez na data 27/07/2018 12:51:31

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 03.10.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.3 34429(10/POC-005465)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 7 máis

Sobre o balance da Xunta de Galicia respecto do desenvolvemento, ata o momento, da Estratexia galega de seguridade e saúde no traballo 2017-2020

Publicación da iniciativa, 350, 03.09.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2018 09:57
Nº Rexistro: 34429
Data envio: 08/08/2018 09:57:38.735

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Marian García Míguez, Aurelio Nuñez Centeno, Diego Calvo Pouso, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Soraya Salorio Porral, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5ª Sanidade, Política Social e Emprego.**

Desde o convencemento de que o crecemento económico e a creación de emprego debe ir parello a un maior compromiso coa prevención de riscos laborais o PPdeG comprometeuse no seu programa electoral das eleccións autonómicas de 2016 a elaborar e aprobar unha Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo ata o ano 2020, dirixida a consolidar a redución da sinistralidade laboral no noso país, que sería impulsada desde o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) como órgano especializado.

Este compromiso fundamentábase na necesidade de que dita estratexia fose formulada como unha política global e un conxunto de accións que involucren a todos os axentes implicados na súa promoción, aplicación, vixilancia e control: á propia administración pública, ás empresas, persoas traballadoras, interlocutores sociais e expertos na materia.

No mesmo sentido, pretendíase que atendese aos sectores estratéxicos e emerxentes, así como a aquelas actividades, colectivos e empresas que presentan un maior risco, potenciando a formación de calidade en materia de seguridade e saúde no traballo e a consolidación dunha cultura preventiva na sociedade galega.

Como resultado desta preocupación, e cumprindo a promesa plasmada no programa electoral, o goberno galego puxo en marcha a nova Estratexia de Seguridade e Saúde no Traballo 2017-2020, cun total de 163 medidas para reducir a sinistralidade laboral e consolidar a cultura preventiva no tecido empresarial e entre os traballadores.

Segundo a información ofrecida polo Executivo galego, todas estas medidas pretenden cumprir cos 6 obxectivos específicos da Estratexia: mellorar a eficiencia das institucións públicas dedicadas á prevención de riscos; promover a implicación dos interlocutores sociais e dos actores vinculados á seguridade e saúde no traballo; mellorar e facilitar o cumprimento efectivo da normativa sobre prevención, así como a súa vixilancia e control; potenciar as actuacións das administracións en materia de análise, investigación, información, promoción, apoio e asesoramento técnico; fomentar a

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2018 09:57
Nº Rexistro: 34429
Data envio: 08/08/2018 09:57:38.735

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

mellora das condicións da seguridade laboral con especial atención a sectores, empresas e colectivos que presentan maior risco; e impulsar unha formación de calidade en materia de prevención de riscos e a consolidación dunha cultura preventiva na sociedade galega.

Por todo elo, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

-Que balance fai a Xunta de Galicia do desenvolvemento ata o momento da Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo 2017 – 2020?

Santiago de Compostela, 08 de agosto de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 08/08/2018 09:51:49

María Encarnación Amigo Díaz na data 08/08/2018 09:52:05

María Ángeles Garcia Míguez na data 08/08/2018 09:52:12

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 08/08/2018 09:52:34

Diego Calvo Pouso na data 08/08/2018 09:52:46

Marta Rodriguez Arias na data 08/08/2018 09:52:56

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 08/08/2018 09:53:07

María Soraya Salorio Porral na data 08/08/2018 09:53:18

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 03.10.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.4 34814(10/POC-005537)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre o anuncio feito pola Xunta de Galicia de creación dun bono para axudar ao pago de praza en residencias privadas ás persoas maiores que se atopen agardando para acceder a unha praza pública

Publicación da iniciativa, 353, 06.09.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2018 13:36
Nº Rexistro: 34814
Data envio: 24/08/2018 13:36:40.050

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**

A Xunta anunciou a creación dun bono (Bono Autonomía en Residencia) para axudar ao pago de praza en residencias privadas ás persoas maiores que se atopen agardando para acceder a unha praza pública. Este bono consistirá nunha axuda directa para as persoas que, tendo recoñecido un grao de dependencia, estean en agarda para acceder a unha das escasas prazas nas residencias públicas da Comunidade Autónoma. Optar polo Bono é compatible con permanecer na lista de agarda para residencias públicas.

A Xunta calcula que se beneficiarían un milleiro de maiores, cunha axuda de 490 euros ao mes de media, afirmando o Conselleiro que "cubrirá unha porcentaxe elevada do gasto da praza". O importe máximo da axuda será de 715 €. Segundo datos do IMSERSO, unha praza en residencia privada ten un custe duns 1.500 euros ao mes, prezo inasumible tendo en conta as baixas pensións das galegas e galegos (780,2 € de media en 2017).

A Xunta calcula a axuda media de 490 euros ao mes por ser a media das contías da Libranza para Adquisición de Servizo residencial (axuda esta xa recollida na Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia).
No desenvolvemento da citada Lei establécese que, pasados tres meses dende que se recibe a resolución do Programa Individual de Atención (PIA) co recurso de servizo residencial sen ter praza pública asignada, pódese solicitar o "dobre

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2018 13:36
Nº Rexistro: 34814
Data envio: 24/08/2018 13:36:40.050

PIA", consistente en permanecer na lista de espera de residencia pública e simultaneamente percibir a libranza para adquisición de servizo para axudar a custear unha praza en residencia privada mentres non se acceda á praza pública.

De momento non existe ningún procedemento novo activado nos servizos de Dependencia para solicitar este "Bono Autonomía en Residencia", máis que as cartas con formulario que se envían ás persoas potenciais beneficiarias. Por outra banda, o Bono ofertado é exactamente igual á Libranza para Adquisición de Servizo (residencia) xa existente, pois o que se ofrece coa "creación deste novo" Bono xa é posible facelo na actualidade se pasados tres meses da aprobación do recurso non se fai efectiva a asignación da praza en residencia pública, co cal nos atopamos ante unha medida electoralista, que pretende vender fume, ser un parche, sen máis.

Nas cartas que se envían, a Xunta calcula a contía da prestación á que terían dereito as persoas potenciais beneficiarias, indicando que "a contía exacta obterase no momento da resolución da concesión", sen especificar cando se producirá esta.

A lista de agarda para residencias de maiores no Programa de Asignación de Recursos situábase, en 2016, en 1.774 expedientes, elevándose a case 2000 en 2017.

En total, en 2016 (Consello Económico e Social), había en Galicia 20.467 prazas residenciais de maiores e dependentes, das cales o 67% eran privadas, a maior porcentaxe do Estado. En conxunto, a rateo de prazas por persoas maiores de 65 anos é das máis baixas do Estado (3,07%), cando a OMS recomenda un 5%.

Polo exposto, a deputada que subscribe presenta as seguintes preguntas:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2018 13:36
Nº Rexistro: 34814
Data envio: 24/08/2018 13:36:40.050

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

1.ª) Por que a Xunta afonda no modelo privatizado de residencias de maiores?

2.ª) Como vai a Xunta resolver a carencia de prazas públicas en residencias de maiores cando sigue apostando por un modelo que favorece a privatización?

3.ª) Cando vai desenvolver de xeito pleno o anunciado "Bono Autonomía en Residencias"?

4.ª) Cando se van conceder os primeiros bonos?

5.ª) Como vai garantir a cobertura dunha porcentaxe elevada do gasto da praza?

6.ª) Por que se burlan da cidadanía ofertando unha nova axuda cando é exactamente igual que as libranzas para adquisición de servizo cando se está a agardar por praza en residencia pública?

7.ª) A quen xa está pagando unha residencia privada e en agarda por libranza para adquisición de servizo, váiselle ofrecer o bono?

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2018 13:36
Nº Rexistro: 34814
Data envio: 24/08/2018 13:36:40.050

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 24/08/2018 11:51:15

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 03.10.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.5 35180(10/POC-005548)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida á situación existente nos centros de saúde do concello de Soutomaior

Publicación da iniciativa, 353, 06.09.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 11:35
Nº Rexistro: 35180
Data envio: 28/08/2018 11:35:49.608

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

A redución de servizos sanitarios no verán foi debatida como consecuencia de iniciativas deste Grupo Parlamentario antes do remate do anterior período de sesións; iniciativas que foron rexeitadas polo Goberno galego e polo Grupo que o sustenta. Esta redución, realizada sen información obxectiva contrastada que puidese ser comprobada, afecta de maneira relevante á perda de atención e de calidade asistencial dos cidadáns quen, partindo dun sistema xa debilitado pola súa notoria falla de persoal, ven como no verán os seus servizos perden persoal que non se repón ata nas cuestións máis básicas. A maiores, esta situación incide especialmente no eido rural, onde o mantemento dos servizos sanitarios está xa en dúbida constante pola tendencia do SERGAS e da Consellería de Saúde a minorar a implicación no seu funcionamento, coa non substitución de médicos de familia e/ou pediatras e a progresiva tendencia a agrupar poboacións na atención dende os centros de saúde.

O caso dos Centros de Saúde de Soutomaior non é diferente. No Concello hai dous centros (un en Soutomaior e outro en Arcade), que suman tres médicos de familia, un pediatra e tres persoas encargadas de enfermería. O consultorio de Arcade atende a cupos de 1800 e 1700 cartillas, respectivamente e, como ocorre en multitude de centros de saúde do rural galego, as substitucións non se cobren, fundamentalmente no verán e no Nadal. O médico de familia que está en Soutomaior traballa menos horas pola súa situación administrativa e, en máis ocasións das desexadas, o único pediatra non está, o que obriga ás familias a se trasladar á veciña Vilaboa, a uns 10 quilómetros de distancia. Os cidadáns do Concello están xa fartos.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1.- Que opina o Goberno da Xunta de Galicia sobre a situación dos Centros de Saúde do Concello de Soutomaior?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 11:35
Nº Rexistro: 35180
Data envio: 28/08/2018 11:35:49.608

2.- Parécelle suficiente ao Goberno o número de profesionais que atenden nos dous consultorios dese Concello?

3.- Segundo o Goberno, é suficiente a atención pediátrica prestada nese Concello?

4.- Vai contratar o Goberno persoal necesario para manter o mesmo nivel de atención en verán que no resto do ano?

Pazo do Parlamento, 28 de agosto de 2018

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 28/08/2018 11:35:10

Julio Torrado Quintela na data 28/08/2018 11:35:17

Noela Blanco Rodríguez na data 28/08/2018 11:35:23

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 03.10.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.6 35422(10/POC-005632)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida á incidencia que vai ter a contratación temporal de equipos de valoración para a determinación do grao de discapacidade no problema estrutural de falta de persoal existente na provincia de Pontevedra, así como as súas razóns para non dotar esa provincia de xeito permanente dos equipos precisos

Publicación da iniciativa, 353, 06.09.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 13:32
Nº Rexistro: 35422
Data envio: 30/08/2018 13:32:46.178

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa á demora do procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade.

A OMS define a discapacidade como un termo xeral que abarca as deficiencias, as limitacións da actividade e as restricións da participación. As deficiencias son problemas que afectan a unha estrutura ou función corporal: as limitacións da actividade son dificultades para executar accións ou tarefas e as restricións da participación son problemas para participar en situacións vitais.

Por conseguinte, a discapacidade é un fenómeno complexo que reflexa unha interacción entre as características do organismo humano e as características da sociedade na que vive.

A orde de 25 de novembro de 2015 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes. No artigo 8 establece como prazo máximo para resolver o recoñecemento de grao 3 meses para instrución e resolución de expediente, data a partir da cal se desestima por

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 13:32
Nº Rexistro: 35422
Data envio: 30/08/2018 13:32:46.178

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

silencio administrativo segundo o artigo 9, e tendo obriga a Administración de resolver expresamente.

Estas limitacións ou restricións impiden en gran parte das persoas, ou os coidadores principais destas, que solicitan a valoración de grao o normal desenvolvemento da súa vida laboral ocasionando baixas reiteradas, Incapacidades ou mesmo a expulsión (por despedimento) do mundo laboral. Isto conleva unha diminución importante de ingresos da unidade familiar, que na maioría das ocasións vai acompañada tamén nun aumento de gastos derivados do desprazamento (e gasto de parking) a consultas médicas, probas diagnósticas, tratamentos e/ou rehabilitación, gastos de fármacos algúns deles non subvencionados e outros gastos derivados da enfermidade ou lesión pola que se solicita o recoñecemento do grao. Teñen que pagar un elevado custe: e perdida de saúde e os gastos que ocasiona.

A falta de recoñecemento de grao supón a demora ao accesos de determinados beneficios sociais que poden supoñer unha mellora no económico da unidade familiar, o acceso a formación ou facilidades para acceder a un novo emprego.

Todo isto leva consigo o risco da exclusión social, derivada dunha situación que impide a desenvolver o seu traballo e vida normal por unha deficiencia que limita a actividade e restrinxe a participación na vida normal, que xa é suficientemente grave, como para aínda por riba agravala máis levando a súa vida a un grao de pobreza extrema que impide tanto aos afectados/as como ao seu entorno familiar levar unha vida normal.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 13:32
Nº Rexistro: 35422
Data envio: 30/08/2018 13:32:46.178

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Administración ten a obriga de corrixir estas situacións, para que ningunha persoas se sinta excluída e apartada dunha vida digna, e debe facilitar coa máxima urxencia posible a valoración dos graos de discapacidade, para poder beneficiarse de todas as melloras sociais e laborais, para non correr o risco de exclusión social tanto da persoa afectada como do seu entorno familiar.

A realidade é que as persoas que están agardando a que se instrúa e resolva o expediente teñen que agardar unha media de meses para ser citadas para a súa valoración en Galiza, sendo na provincia de Pontevedra a situación dramática, chagando a tres anos de agarda. Existe unha entrada media de 4.500 expedientes anuais e a media dos que se resolven é de 3000, co que cada ano vanse acumulando como mínimo 1.500 sen resolver. Estamos diante dun problema estrutural, que non se resolve con parches como o anunciado de contrato de equipos de forma temporal.

Estas son as razóns polas que se formulan as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Coida o Goberno galego que coa contratación temporal de equipos de valoración para a determinación do grao de discapacidade vai resolver o problema estrutural existente?

-Por canto tempo se vai contratar aos equipos EVO?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 13:32
Nº Rexistro: 35422
Data envio: 30/08/2018 13:32:46.178

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Cal é a razón de non dotar de xeito permanente dos equipos precisos para dar respostas ao problema estrutural existente de falta de persoal dos equipos EVO?

-Como permitiu que a situación na provincia de Pontevedra chegara a tal magnitude, causando tanto prexuízo a miles de persoas afectadas?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 30/08/2018 13:31:55

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 13:32
Nº Rexistro: 35422
Data envio: 30/08/2018 13:32:46.178

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 30/08/2018 13:31:59

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/08/2018 13:32:00

Olalla Rodil Fernández na data 30/08/2018 13:32:01

Noa Presas Bergantiños na data 30/08/2018 13:32:03

Xosé Luis Bará Torres na data 30/08/2018 13:32:04

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 03.10.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.7 35747(10/POC-005689)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as razóns do asinamento dun convenio entre o Sergas, a Cruz Vermella e a Fundación La Caixa para a atención psicosocial de persoas con enfermidade avanzada na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada da Coruña, a existencia de máis convenios deste tipo noutras EOXI e as previsións do Goberno galego respecto do incremento do número destes profesionais no Sistema público de saúde

Publicación da iniciativa, 355, 13.09.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 17:08
Nº Rexistro: 35747
Data envio: 03/09/2018 17:08:49.454

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.ª.**

Traballadores do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, están a denunciar a privatización encuberta de servizos de psicoloxía na EOXI, a través de convenios entre o SERGAS e entidades como Cruz Vermella e A Fundación La Caixa para a atención psicosocial de persoas con enfermidade avanzada.

Este convenio, ten o seu ámbito de aplicación na hospitalización, consultas externas, HADO, hospital de día, AP e domicilio, que é canalizado mediante o Servizo de traballo social e actualmente está formado por catro psicólogas clínicas.

Esta circunstancia, resulta totalmente contraditoria coa negativa do SERGAS de dotar de máis profesionais públicos o Servizo Galego de Saúde nesta especialidade, argumentando que non existe tal necesidade, pese as múltiples demandas por parte deste colectivo que advirten dun aumento de trastornos mentais na poboación que en moitos casos son tratados cun exceso de fármacos.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario de En Marea PREGUNTA:

- Por que se leva a cabo este convenio con entidades privadas en lugar de dotar de máis medios o sistema público?
- Onde está publicado o convenio de colaboración entre Cruz Vermella, a Fundación La Caixa e o SERGAS?
- Existen máis convenios deste tipo nas outras EOXIS?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 17:08
Nº Rexistro: 35747
Data envio: 03/09/2018 17:08:49.454

GRUPO PARLAMENTAR en marea

- Ten pensado o Goberno aumentar o número destes profesionais no sistema público?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 03/09/2018 13:43:44

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 03.10.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.8 36799(10/POC-005852)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións do Goberno galego en relación coa baixada na valoración da sanidade pública galega

Publicación da iniciativa, 359, 20.09.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 18:26
Nº Rexistro: 36799
Data envio: 13/09/2018 18:26:02.771

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á continua baixada na valoración da sanidade pública galega.

Durante os últimos nove anos, o Partido Popular con Núñez Feixóo como Presidente da Xunta á cabeza, impulsou todo tipo de medidas que afondaron no desmantelamento da sanidade pública: Redución de orzamentos, eliminación de máis de 2.000 profesionais, redución de máis de 700 camas nos hospitais públicos, privatización masiva de servizos...

Os colectivos máis vulnerábeis están a sufrir máis cruelmente as consecuencias dos copagamentos e da exclusión de fármacos do catálogo de prestacións farmacéuticas.s recortes teñen unha gravísima repercusión na prestación dos servizos sanitarios, no deterioro asistencial: fechamento de camas, colapsos de urxencias, sobrecarga laboral d@s traballador@s, aumento das listas de espera.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 18:26
Nº Rexistro: 36799
Data envio: 13/09/2018 18:26:02.771

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As enquisas recollen que a valoración da sanidade cae, indicador do problema que está xerando o modelo sanitario de Feixóo e do PP, consistente en privatizacións, recortes e precarización da sanidade

Desde a posta en marcha das políticas de recortes e privatizacións dos gobernos do Partido Popular desde o ano 2099, a sanidade pública entrou nun grave deterioro , como mostra deste deterioro o informe deste ano realizado pola Federación de Asociacións para a Defensa da Sanidade Pública, constata un descenso de tres postos no ranking de servizos sanitarios autonómicos, pasando da categoría de servizo regular (posto 9º) á de servizo deficiente (posto 12º). Segundo o barómetro sanitario o 3,9% d@s galeg@s non recollen medicamentos nas farmacias por non poder pagalos

A isto hai que engadir que o último informe da prestixiosa revista sanitaria The Lancet, publicado en maio de 2018, que valora a calidade e acceso aos sistemas de saúde, na que retrocedemos 11 postos na clasificación internacional de 195 países de todo o mundo, do 8º ao 19ª.

Por estas razóns formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 5ª:

Que actuacións vai realizar o Goberno galego diante da continua baixada na valoración da sanidade pública galega?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 18:26
Nº Rexistro: 36799
Data envio: 13/09/2018 18:26:02.771

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera o Goberno galego que a súa política sanitaria de recortes, privatizacións e desmantelamento non ten consecuencias?

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 13/09/2018 18:21:39

Ana Pontón Mondelo na data 13/09/2018 18:21:44

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/09/2018 18:21:49

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 18:26
Nº Rexistro: 36799
Data envio: 13/09/2018 18:26:02.771

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 13/09/2018 18:21:50

Noa Presas Bergantiños na data 13/09/2018 18:21:51

Xosé Luis Bará Torres na data 13/09/2018 18:21:53